

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 25/09/2019 14:02:19
SAIDA 10392/19

[REDACTED]

Reclamante [REDACTED]
Expediente. Nº **RSCTG 081/2019**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito presentado ante o Consejo de Transparencia y Buen Gobierno o 16 de Maio de 2019, e que foi remitido á Comisión da Transparencia, tendo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 21 de maio de 2019, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia en sesión celebrada o día 19 de setembro de 2019, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 21/05/2019, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, sobre o procedemento para que o Servizo Galego de Saúde recoñeza, previa proba obxectiva, un hemiespasmo facial.

O escrito viña acompañado de copia a súa solicitude inicial.

Segundo. Con data do 23 de maio de 2019 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de maio de 2019.

Terceiro. Con data 18 de setembro de 2019 a Consellería de Sanidade remite informe sobre a reclamación no que en resumo, indica que o reclamante solicitou coñecer cal era a vía concreta para que o Sergas lle recoñecese, previa proba obxectiva, un hemiespasma facial, que lle intensificou aos 22 meses da iatroxenia sufrida no CHUAC.

O recorrente foi intervido cirurxicamente e segundo a súa opinión, dita operación non foi realizada adecuadamente, quedando secuelas da mesma. Presentou no seu día unha reclamación patrimonial que foi resolta negativamente nun procedemento instruído pola inspección de servizos médicos, quedando expedita a vía contencioso-administrativa, sen que se coñeza se o recorrente acudiu a esa vía.

Dende ese día está presentando continuamente escritos que teñen como finalidade segundo as súas propias palabras que o Servizo Galego de Saúde lle recoñeza o dano que indica.

No presente caso solicita que se lle indique ou informe do procedemento para que o Sergas lle recoñeza a existencia un hemiespasma facial. Non existe un procedemento administrativo para o dito recoñecemento, dado que se trata dunha situación sanitaria que solo pode ser apreciada por un profesional médico. Non existe por tanto, ningún documento que fora elaborado ou adquirido polo Sergas ou polo Hospital da Coruña relativo ao procedemento acceso solicitado polo recorrente.

A Consellería de Sanidade considera que o recorrente esta presentando moitos escritos de acceso á información e todo eles, aínda que formalmente soliciten informacións distintas, teñen unha mesma finalidade relacionada coa operación cirúrxica realizada no CHUAC, polo que considera que esta utilizando abusivamente o procedemento da Lei de transparencia para unha finalidade claramente distinta da indica na exposición de motivos do propio texto legal, considerando que concorre a causa de inadmisibilidade establecida do artigo 18.e) da Lei 19/2013.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades

autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poder públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poder públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consello de Transparencia e Bo Goberno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

O interesado presentou a súa solicitude con data do 20 de marzo de 2019, sen que a Consellería de Sanidade resolvese dentro do prazo dun mes que establece o artigo 27.5 da Lei 1/2016, polo que debe admitirse a reclamación presentada con data do 16 de maio de 2019, por estar presentada en prazo.

Quinto.-Análise do expediente

O interesado solicitou información sobre a vía para que a Consellería de Sanidade lle recoñeza, previa proba obxectiva, unha determinada lesión, e fronte á denegación por silencio administrativo, presentou a correspondente reclamación á Comisión de Transparencia de Galicia.

De acordo co informe da Consellería de Sanidade, non existe un procedemento administrativo para o recoñecemento que solicita o interesado, dado que se trata dunha situación sanitaria que solo pode ser apreciada por un profesional médico e non existe ningún documento elaborado ou adquirido polo Sergas ou polo Hospital da Coruña relativo ao procedemento de acceso solicitado. Estamos pois ante unha solicitude de acceso á unha información sobre un

procedemento administrativo ou un protocolo que non existe, polo que o obxecto da petición non pode ser incluído dentro do concepto de información pública que establece o artigo 24.1 da Lei 1/2016, procedendo por tanto a desestimación da reclamación presentada.

A Consellería de Sanidade no seu informe, considera que nas solicitudes do interesado de acceso á información pública, se ben formalmente solicita informacións distintas, todas teñen unha mesma finalidade relacionada coa operación cirúrxica realizada ao reclamante, polo que considera que se esta utilizando abusivamente o procedemento da Lei de Transparencia para unha finalidade claramente distinta da buscada pola Lei.


Por último, debe lembrarse á Consellería de Sanidade a súa obriga de resolver as solicitudes de acceso á información en prazo, de conformidade co establecido no artigo 27.4 da Lei 1/2016.

ACORDA

Único : Desestimar a reclamación presentada por ██████████ presentada con data do 16 de maio de 2019, contra a desestimación por silencio administrativo da súa solicitude de acceso á información ante Consellería de Sanidade, sobre o procedemento para que o Servizo Galego de Saúde recoñeza, previa proba obxectiva, un hemiespasma facial.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 23 de setembro de 2019



María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia